

## Viaxe a Andorra – febreiro 2024

Esta viaxe está destinada ó **alumnado de 4º ESO**, segundo foi aprobado no Consello Escolar.

En calquera actividade do centro o cumprimento das normas é fundamental para a boa marcha da mesma. No caso da viaxe a Andorra isto ten unha importancia maior. En primeiro lugar porque se realiza un desprazamento a un país estranxeiro, fóra da Unión Europea, e hai que pasar un control fronteirizo, o cal supón unha responsabilidade adicional para o profesorado acompañante. Ademais, Andorra é un país cunhas estritas normas de comportamento cívico que cómpre respectar. Finalmente, como en calquera desprazamento co alumnado, hai que ter en conta a responsabilidade que adquire o profesorado acompañante e a dirección do centro durante eses días.

Polo tanto o alumno/a que desexe participar na viaxe a Andorra, **deberá solicitar previamente unha praza. A asistencia á viaxe estará condicionada á autorización da dirección do centro.** Unha vez a dirección resolva que o alumno/a pode asistir, iniciárase o proceso formal de reserva cos pagos que correspondan. A autorización estará condicionada ó cumprimento das normas do centro por parte do/a alumno/a solicitante, así como ás prazas dispoñibles no momento da solicitude. Os alumnos/as que non cumpren as normas do centro quedarán excluídos de participar nesta viaxe. Terase tamén en conta o comportamento que tivo o/a alumno/a durante o pasado curso 2022/2023, para valorar a pertinencia ou non da autorización.

Aínda no caso de conseguir a autorización, **esta poderá ser revocada antes da viaxe se o/a alumno/a amosa un comportamento contrario ás normas de convivencia.** Neste caso quedaría fóra da listaxe de asistentes e, dependendo do momento no que se produzan os feitos, podería non recuperar a cantidade xa abonada, en función dos compromisos adquiridos coa axencia de viaxes en concepto de reservas ou gastos non suxeitos a devolución, e tamén en función do tempo que falte para iniciar a viaxe.

Tampouco se pode garantir a devolución (total ou parcial) no caso de que sexa o alumno/a quen renuncie no último momento a acudir á viaxe, **con independencia do motivo.** O prezo **non inclúe seguro de devolucions**, tampouco por causas de forza maior, xa que é especialmente reducido grazas á anticipación da reserva e por tratarse dunha viaxe en grupo. (*Nota: si que está incluído un seguro de asistencia médica en viaxe e en destino, pero non de cancelación da viaxe*)

### Normativa de referencia:

- *Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*
- *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*

### Datos da viaxe a Andorra:

**Data de Saída:** sábado 3 de febreiro de 2024 ás 22:30 horas

**Data de Regreso:** venres 9 de febreiro de 2024 (despois das 12 da noite do venres ao sábado)

### Prezo da viaxe:

*En cada tramo dos indicados a continuación indícase un prezo máximo. O prezo final dependerá do número exacto de alumnos/as.*

- Ata 66 alumnos/as (un autobús) o prezo máximo será de 630 euros.
- Entre 67 e 74 alumnos/a (segundo autobús mediado) o prezo máximo será de 690 euros.
- Entre 75 e 83 alumnos/a o prezo máximo é de 660 euros.
- Entre 84 e 102 alumnos/as o prezo máximo é de 650 euros.

*En todo caso indícase a cifra exacta despois de realizar o primeiro pago, xa que esta depende do número total de alumnos/as.*

(Os prezos teñen un incremento de 45€ para o alumnado que practique snow)

### Servizos incluídos:

- Viaxe de ida e volta a Andorra en autobús (manutención durante a viaxe de ida e de volta por conta do alumno/a)
- 5 noites de aloxamento en media pensión no hotel Panorama 4\* (almorzo e cea). Dende a cea do día 4 ata o almorzo do día 9.
- 4 días comida no restaurante das pistas de Grandvalira (comida do venres 9 por conta do alumno/a).
- 4 días de forfait de acceso ás pistas de Granvalira (Grau Roig – Pas de la casa).
- 4 días de alquiler de equipo básico (casco, botas, táboas e bastóns)
- 4 días de curso de esquí en grupo con monitor (2 horas diarias). É obrigatoria a asistencia ó curso cada día.
- 1 entrada ó balneario de Caldea (unha sesión de 2 horas).
- Seguro de asistencia médica e accidentes, durante o traxecto e tamén en Andorra e pistas de esquí..

### Detalles sobre equipamento, e concrecións da viaxe:

- Pódese consultar os vídeos informativos na web do centro (*ver “blog de Andorra”, na franxa de cor laranxa na cabeceira da web*)

### Para realizar a solicitude e prazos para o pago (alumnado admitido):

- Entregar o formulario de solicitude asinado polos pais/nais/titores legais. (O formulario estará dispoñible na web do centro a partires do 20 de outubro).
- **Prazo de solicitudes:** dende o 25 ata o 31 de outubro (de 9 a 14h na secretaría do centro).
- **Publicación da listaxe de admitidos/as:** 3 de novembro no taboleiro do instituto (físico).
- **Pagos:** 1º pago (200€) entre o 6 e o 10 de novembro. O resto nun único pago antes do 10 de xaneiro ás 14 horas. Os pagos se realizan no seguinte número de conta e se entrega o resguardo na secretaría do centro.
- Nº de conta: **ES9820800394173000005511** (indicar o nome do/a alumno/a no concepto)
- **Non se pode realizar ningún pago ata a publicación da listaxe de admitidos.**

O director do IES Antonio Fraguas



Asdo: Carlos Encisa